



Prezadas familias:

O proxecto da ANPA do CEIP Fontes Baiña titulado “A Igualdade: un mar de oportunidades” obtivo unha axuda económica de 3000 euros da Secretaría de Igualdade da Xunta de Galicia destinada a financiar actividades de promoción da igualdade e de prevención da violencia de xénero, financiadas en desenvolvemento do Pacto de Estado contra a violencia de xénero.

Contamos co apoio firme do centro para levar a cabo todas as actividades así como coa colaboración das seguintes organizacións: Centro de Información, Concello de Baiona, Confraría de Pescadores de Baiona, Universidade de Vigo, Deputación de Pontevedra e Obradoiros de Emprego de Galicia.

O proxecto arrancará co inicio do curso 2021/2022 e rematará o 25 de novembro de 2021, Día Internacional contra a Violencia de Xénero.

A proposta inclúe distintas accións para tratar a igualdade e previr a violencia de xénero a través das mulleres do mar de Baiona, a arte, as TIC e as novas masculinidades. A culminación do proxecto será a pintura dun mural a cargo da artista Lula Goce a través dunha metodoloxía participativa e didáctica con todo o alumnado do colexio. A intervención artística plasmará o papel da muller do mar de Baiona, alertará dos perigos do uso inadecuado das novas tecnoloxías e amosará o rexeitamento unánime da comunidade educativa á violencia de xénero.

O obxectivo do proxecto é concienciar a comunidade educativa (alumnado, profesorado e familias) da importancia da prevención da violencia de xénero e da creación dunha contorna educativa e social que potencie a igualdade a través da súa participación nas actividades:

- Presentación do proxecto ao alumnado
- Encontro da artista baionesa Lula Goce co alumnado
- Recompilación de información e de fotografías sobre as mulleres do mar de Baiona.
- Testemuños de mulleres do mar de Baiona.
- Proxección do documental 'Loita no acantilado' e debate coas protagonistas.
- A Maleta dos océanos: a achega das mulleres á sustentabilidade do mar.
- Relatorio e obradoiro sobre as novas masculinidades.
- Charlas sobre os perigos do mal uso de internet e das redes sociais.
- Encontro do alumnado coa artista baionesa Lula Goce
- Concurso de debuxo e de pintura
- Pintura dun mural a través dunha metodoloxía didáctica e participativa con todo o alumnado do colexio que simbolizará da comunidade educativa á violencia de xénero.
- Xornada de formación e de convivencia para as familias.
- Celebración do 25 N: inauguración do mural e homenaxe a Águeda González Portela.

Agradecemosvos a vosa máxima colaboración para que o proxecto sexa un éxito!

A ANPA

Setembro de 2021

SUBVENCIONAN



ORGANIZA



COLABORAN

